

EFEGA ensinará primeiros auxilios ao persoal das Escolas Infantís de Galicia.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia contrata a EFEGA para impartir cursos de primeiros auxilios pediátricos ao seus docentes.



Mestra de educación infantil co seu alumnado durante unha clase.

01/06/2011 O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia en colaboración con EFEGA impartirá cursos de primeiros auxilios pediátricos a máis de 180 mestres de educación infantil durante o mes de xuño. Concretamente, serán as escolas infantís das cidades de Ourense, Porriño, Pontevedra, Silleda, Culleredo e A Coruña, as eleixidas para impartir a formación dirixida ao persoal de toda Galicia.

En cumprimento da normativa vixente que esixe ao persoal a cargo dos nenos de 0 a 3 anos da Rede de Escolas Infantís de Galicia de contar cun curso de primeiros auxilios pediátricos, a Xunta de Galicia contrata a EFEGA para desenvolver esta acción formativa que se impartirá os días 11 e 18 de xuño simultaneamente.

Os asistentes ao curso, poderán aprender os principais aspectos relacionados cos primeiros auxilios pediátricos tales como; activación do sistema de emerxencias, soporte vital básico pediátrico, obstrución de vía aérea, traumatismos, hemorraxias e feridas, crise convulsiva diminución de conciencia, diabetes e accidentes de tráfico entre outros.

Os interesados en recibir formación poden informarse a través da páxina web www.efega.eu ou no enderezo de correo info@efega.eu.